

CONDICIÓNS DO FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA MOVERNOS NO VERÁN 2026

CALENDARIO

- Do **15 de xuño** ata o **15 de setembro 2026**.
- Non hai clase, os días das clases coincidan en días non laborais por mor das festividades declaradas a nivel nacional, autonómica ou local, non sendo recuperables noutros días.

OFERTA DE ACTIVIDADES E PRAZAS

- Clases de 60 minutos de **ximnasia, pilates, ioga suave e vivo, espalda saudable e zumba**.
- Ofértanse **16 prazas máximas por grupo** agás nos grupos de **Pilates, 14 prazas** e **Zumba 20 prazas**.
- Non se ofertan os grupos que non reúnan as prazas mínimas esixidas por mes. Prazas mínimas esixidas para grupos de baile son 10 e para os grupos restantes 5 prazas.

SOLICITUDE DE RESERVA DE PRAZA

- Inscripción para persoas nada a partir do 2014 inclusive.
- Poderanse solicitar reserva de **prazas ofertadas** ou reserva de **prazas na lista de agarda** do grupo ou grupos de interese presentando mediante rexistro de entrada, presencial ou en liña, este **formulario de solicitude de reserva de praza (Anexo I)**. Non se terán en conta aquelas solicitudes que cheguen por outras vías ou as que se presenten sen ser no modelo oficial facilitado.
- **Prazos de presentación:**
 - **Prazo 1º (empadroados/as):** dende o día da publicación das bases **ata ás 15:00h. do martes 26 de maio 2026**.
 - **Prazo 2º (acceso libre):** a partir das 8:30h. do **01 de xuño do 2026**.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

- As prazas serán adxudicadas por orde rigorosa de presentación no rexistro de entrada.
- **Antes de iniciar unha presentación en liña**, a persoa interesada terá que **consultar** na oficina de rexistro do Concello a dispoñibilidade de **prazas libres** nas actividades de interese, se fose o caso de ter praza terá ata as 15:00h do mesmo día para facer o trámite de presentación acorde ás instrucións indicadas polo persoal da oficina pola contra perderase o dereito á reserva de praza.
- Cando unha **praza ofertada quede baleira**, farase **chamamento único** pola orde rigorosa da lista de agarda, para a adxudicación da praza correspondente. No caso de adxudicarse praza, a persoa presentará mediante rexistro toda documentación requirida, ante das 15:00h do día laboral seguinte, para consolidar a praza.

CONSOLIDACIÓN DA RESERVA DE PRAZA.

- A consolidación da praza **será efectiva** cando toda a **documentación** sexa **presentada en prazo**. De non presentarse perderase o dereito á praza adxudicada. **Documentación a presentar antes das 15:00h do día da adxudicación da praza:**
 - Anexo I
 - Xustificante do pago único das actividades inscritas.

PAGOS e DEVOLUCIÓN.

- O pago dos dereitos á praza esixirase no momento da súa adxudicación antes das 15:00 h do mesmo día.
- O **pago** farase mediante o abono no número de conta municipal **ES55 2080 0142 9031 1000 0019** de ABANCA especificando no **CONCEPTO: Nome das actividades + mes/meses do pago + DNI da persoa inscrita. (Ex. PILATES, Xuño e xullo, 24526558-d)**
- Non serán reembolsables as contías abonadas para as actividades dos meses de xuño e xullo do 2026. Só se reembolsarán as contías das actividades pagadas para ao mes de agosto e a quincena de setembro sempre que se solicite a súa baixa en prazo. Non se realizarán devolucións parciais de mensualidades. O ingreso das devolucións será abonado no número de conta bancaria indicada na solicitude de baixa.

COMUNICACION DE BAIXA

- As baixas para agosto e setembro do 2026 serán **comunicadas por escrito** no Rexistro do Concello ou a través da Sede electrónica durante o mes de **xullo 2026**.
- As baixas que non se comuniquen por estas vías non terán efecto e seguirán cobrándose os recibos correspondentes. Non se realizarán devolucións parciais de mensualidades.

Lín e acepto estas condicións.

Firma da persoa solicitante

Lugar e data

, de de

Firma